

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 15- marzo 2022

Publicación gratuita

Colle unha!



SULF-ATÄR
ARRHYTHMIA
BATTOSAI

PERPETUAL
OLLO, LÓSTREGO!
DELEIBA

BARBARIAN PROPHECIES
FAMILIA CAAMAGNO
ACOUGA

Vigo Rock Crew

CELEBRA ANIVERSARIO CON *Prima Noche*,
Sulf-Atär, *Perpetuale* e *Barbarian Prophecies*

Por **Patty Castro**. Fotos de **Fran Rivas**

A noite do pasado sábado 18 de febreiro era fría no calexón da Sala Master de Vigo. Curioso o emprazamento da sala, coa sensación de estar nunha apartada terraza lonxe das rúas principais (cando non é así, pois está en plena Urzaiz). A sala é alongada e rectangular, con bolas de discoteca no teito, reminiscencia doutros tempos, de cando era a Strong. Préstase moito a bailar e a acústica non está nada mal precisamente... Mais, por si acaso, como ben di o meu compa Jacobo, levar uns taponciños tampouco vai nada mal! Era o terceiro aniversario de Vigo Rock Crew e tiñamos un cartaz moi interesante e kañero.

Comezamos con Sulf-Atär, banda de Ponteareas que se define como agrometal. Tiveron un pouco de problema coa intro, pero iso deu-nos tempo ao público para velos ben. Vestidos con togas negras farrapentas e tul por debaixo das capuchas cubríndolles a cara, tiñan un punto moi escuro e sinistro. O vocalista foi o único ao que lle puidemos ver ben a cara, e quedei asombrada coa súa enerxía, e cos riffs potentes da banda, que fixeron que a xente entrara automaticamente en ca-

lor. A verdade, foi todo un descubrimento ver a este grupo. Fíxoseme moi curto o seu concerto, pois son todo un espectáculo con esa posta en escea tan currada e co que animan a xente.

Despois dunha pausa necesaria para recargar líquidos tivemos a Prima Noche. A banda arousá de nacemento que está asentada no Val Miñor trouxo a súa elegancia e saber estar da man da súa vocalista, Pilar Dafonte. Esta é unha banda de heavy metal e metal gótico nada

no 2013, e pasou por varios cambios de formación, pero agora está asentada neste estilo, e fíxonos gozar coa escuridade das letras do seu Oniric de 2019. Desfrutamos tamén coa calidade compositiva e coa fabulosa voz de Pilar. Tamén cunha posta en escea moi coidada, fixeron que o público estivésemos pendentes deles en todo momento.

Cando chegou o quenda da banda de deah metal coruñesa Perpetual a xente estaba desexosa de máis. Os cambios entre bandas fo-

ron moi rápidos, e eu estiven diante do escenario con Virgi, a miña amiga e ex-baixista da banda. Para min, un dos puntos clave da súa actuación foi a enerxía que desprende Hector, o vocalista; o seu porte e a súa voz gutural e rasgada fixeron as delicias dos asistentes. Moita kaña, moito mosh pit ben elevado nun público abundante e cargado de ganas de bailar e gozar, que retroalimentaba aos coruñeses. Puidemos escoitar pezas dos seus diferentes traballos discográficos.



Sulf-Atär



Eu teño que destacar unha á que lle teño moito agarimo, “Maze of Chaos”. Quedamos esgotados con esta banda contundente e desexosas de voltar velos.

Chegamos ao final do bolo coa xente pendente da última banda, os veteranos Barbarian Prophecies. O seu nome esperta orgullo polos seus temazos ben traballados e unha posta en escea que tiña moita gana de ver. Son amiga e fan de Alicia, a súa vocalista e baixista, e tiña moitas ganas de poder vela, increíble nesta nova faceta como instrumentista. Esta muller, todo o que fai, faino ben.

Presentaban o seu novo traballo Horizon. Foi unha pasada escoitalo por fin en directo: definición, detallismo e brutalidade a partes iguais, que veñen a consagrar definitivamente á banda luguesa e poñela no primeiro posto que se merece do death metal galego. A posta en escea, impecable. Saíron facendo gala do seu compromiso coas bandas e os músicos, sacando as camis de plataforma Grupos de Vigo en loita, e ademais falaban sobre o apoio que merecen, pois as bandas teñen que voltar ter unha zona onde ensaiar.

Quedeime toda pillada coas cordas dos guitarras, un con cordas azuis e outro vermellas. Unha gozada ver o detalle, tanto amor e agarimo pola música ben feita e respecto polo público (que o demos todo), e a fraternidade co resto das bandas que destilan por todos os seus poros. Se tedes a oportunidade de velos en directo non a perdades, son do melloríño que ides ver e escoitar.

Rematou o festi, e só atopabas caras agradecidas e felices con sorrisos de satisfacción, porque por fin vimos un local cheo de xente para este tipo de eventos. A corentena fixo que teñamos fame de bolos e máis de poder movernos, abrazarnos e desfrutar de poder escoitar estes trallazos en directo. No posto de merchan dos grupos podíase ver aos grupos igualmente contentos. Foi unha noite para a lembranza. Eu levei unha cami de Barbarian e un gustazo que me durou na festa posconcerto na Sala Transylvania de Vigo. Só podo dicir grazas por estes eventos.



ARRHYTHMIA

Presenta o seu novo álbum na Sala Malatesta de Compostela

Fotos de Inés Duport



O pasado venres 25, os lucenses Arrhythmia presentaron por fin o seu agardado novo álbum, titulado I. O concerto foi na Sala Malatesta de Compostela, logo de ter sido adiado por mor da pandemia, polo que a expectación era, se cabe, aínda maior. Rouco Son non quixo perder unha cita tan sinalada, así que alí estivemos, entre o nutrido público que asistiu (notábanse as ganas de concertos), para contarvos como o vivimos.

O convidado especial do grupo encargado de quentar o ambiente da Malatesta foi O Rabelo, coa súa mestura de música tradicional e música urbana, por suposto, en galego.

O pandeiro cadrado e o canto tradicional mesturábanse á perfección cos samplers, os sintetizadores e os ritmos do hip hop, do techno ou da música latina, dando lugar a unha música que tanto servía para bailar unha muiñeira como para perrear, para gusto dos asistentes. A pesar da diferenza de estilo con respecto a Arrhythmia, o Rabelo soubo manter o interese do público cos seus beats variados e as súas letras reivindicativas, que en ocasións tomaban prestados fragmentos de cancións tradicionais como «Palmira» ou «Por baila-la mazurca».

Chegou despois a hora de Arrhyth-

mia, que saíu ao escenario coa compositiva «Karma», pertencente ao novo álbum que presentaban ese mesmo día. A pesar da novidade, o público estivo entregado dende o primeiro minuto, berrando e saltando ao ritmo da música do grupo, que mestura o rock alternativo, o metal e mesmo outros estilos como a música electrónica. As bases electrónicas tiveron precisamente un considerable peso ao longo do concerto; tamén chamaba a atención a decisión do grupo de non empregar amplificadores de guitarra tradicionais, logrando así pola súa banda un son moderno que combinaba ben co estilo das cancións.

Os de Lugo optaron por continuar cos temas novos con «Como Sangro», para logo dirixirse ao público e dar paso a un dos seus temas máis míticos: o sinxelo «Voltarán», un tema que amosa á perfección o estilo melódico e lírico, que en ocasións ata borda o hip hop, das cancións do grupo. Seguiulle «Mil xeitos», un tema do seu traballo titulado II, de 2016 e predecesor como al deste I (aínda que polo medio a banda publicou numerosos sinxelos, como o antes mencionado).

Tivo lugar neste momento o primeiro dos varios cambios de guitarras do concerto, que deu paso ao tema do último videoclip lanzado polo



*O Rabelo foi o teloneiro
encargado de caldear a
noite na Malatesta*





grupo, «Furacán». A pesar de ser tan recente, os asistentes corearon o retrouso como se fose xa un dos clásicos do grupo. Seguiulle, con saúde a Valencia incluído, «Planeta Alerta», outro videoclip lanzado en adianto ao álbum que na súa versión de estudio conta coa valencía JazzWoman. O vocalista do grupo, Alberto, aproveitou a ocasión para desfacerse temporalmente da súa guitarra e así moverse polo escenario coa liberdade que da só portar un micrófono.

Chegados a este punto tivo lugar unha das sorpresas da noite, a colaboración do guitarrista Miguel Duarte, coñecido tamén polo seu traballo de deseño en A Cadeira Eléctrica, que traballou con bandas como Nao, Tanxugueiras, Sumrrá, Broa ou Battosai. Con el, o trío de Lugo interpretou «Diñeiro», un tema do seu primeiro traballo, III, un EP lanzado en 2012. Outro punto destacable do concerto foi a interpretación do grupo do mítico «Du Hast» de Rammstein, no que interpolaron outras cancións, como o «Así me gusta a mi» de Chimo Bayo.

O concerto xa ía chegando ao seu fin, e o grupo reservou para isto boa parte da súa artillería pesada: a antepenúltima canción foi «Espertei», o primeiro videoclip de adianto do novo álbum, que tivo unha espectacular acollida ata o momento, como se demostrou por parte do público do concerto. Despois do amago de saír do escenario de rigor, o grupo non podía senón volver para interpretar dous dos seus temas máis míticos. Non podían ser outros que «A forza da razón», orixinalmente con Rebelliom do Inframundo, e «A cea dos malditos», orixinalmente con Pepo, cantante da banda asturiana Desakato; dous sinxelos, de 2017 e 2018 respectivamente, que son seguramente os temas máis coñecidos dos de Lugo.

Finalizou así por todo o alto un concerto que, tanto polo consolidados que están Arrhythmia por dereito propio como polas ganas que os seus fans tiñamos de desfrutar dun directo como deus manda despois de tanto tempo, foi espectacular. Así que non podemos dicir outra cousa que que xa temos ganas doutro novo traballo de Arrhythmia. Despois destes III, II e I... que será o seguinte? Fícamos atentos!

AS SALAS DE ENSAIO DE VIGOSÓNICO SEGUEN PECHADAS E SEN DATA DE APERTURA



A pesar de que o alcalde de Vigo, Abel Caballero, comprometeuse primeiro a abrir as salas de ensaio de Vigosónico o día 25 de febreiro, e poucos días antes desta data mudou a promesa a «finales de febreiro, principios de marzo», as bandas de Vigo seguen sen saber nada do día de apertura nin das condicións das salas de ensaio municipais. Dende Grupos de Vigo en Loita, o colectivo que abrangue ás bandas de Vigo que pulan pola reapertura do espazo, xa viñan denunciando nas últimas semanas a nula información dada polo Concello ao respecto alén de compromisos verbais e nos medios que, como xa advertiran dende o colectivo, resulta-

ron incumplidos.

Póren, as instalacións de Vigosónico xa están abertas, pero non para desenvolver a función que os grupos vigueses demandaban, senón para un curso orientado a empresas dado pola Fundación Paideia de Sandra Ortega. Grupos de Vigo en Loita denuncia «o oportunismo do Concello, que optou por facer o curso nas instalacións de Vigosónico para responder ao clamor popular por reabrilas, pero co mesmo interese nulo en poñer a funcionar as salas de ensaio públicas que leva tendo durante a última década». O peche indefinido de Vigosónico en 2020 non foi senón a continuación de outros peches de salas de ensaio

públicas, como as da Casa da Xuventude ou as de Súbete ao Castro, todas elas clausuradas por Caballero.

Por todo isto, varios membros da plataforma de grupos vigueses trasladouse a Vigosónico o día do comezo do curso para pendurar cartaces e faixas en protesta contra o que consideran un engano ás bandas da cidade. Para Grupos de Vigo en Loita, «o curso da fundación Paideia non responde en absoluto aos intereses e necesidades dos grupos, amosa o fondo descoñecemento por parte do goberno da escena musical viguesa e en concreto das bandas que ensaiaban en Vigosónico, e vai en detrimento de servizos necesarios coma as salas de

ensaio ou a participación de bandas locais nos concertos organizados polo Concello, ambas hoxe en día inexistentes».

O colectivo esixe que abran inmediatamente as salas de ensaio nas circunstancias previas ao peche, e que haxa unha información inmediata por parte do Concello tanto publicamente como persoalmente a todos os grupos usuarios, esixindo que os mesmos recuperen as condicións das que dispuñan previamente. Anuncian que continuarán a protestar ata que estes obxectivos, aos que tanto o alcalde como a concelleira de Xuventude se comprometeron persoalmente, sexan cumpridos.





Olo, Lóstrego! é un trío galego que mestura o post rock co rock alternativo ou o progresivo, formado por Simón, Noel e Marcos a comezos do ano 2019 en Vigo. É un proxecto no que, nas súas propias palabras, os artistas tratan de «conxugar unha gran variedade de influencias musicais, non necesariamente centradas no rock, evitando encaixar nalgún estilo ou tendencia concreto para poder expresarse musicalmente da forma máis libre posible». Nas súas letras tratan temas como poden ser a natureza ou a relación humana co seu entorno.

O trío acaba de publicar Hábitat, un EP de 5 temas, autoproducido e mesturado pola banda, gravado en Galería Tétrica e masterizado por Álvaro Gallego de Agmastering. Os temas oscilan entre os 3 e os 6 minutos, alternando partes instrumentais propias do post rock con partes vocais, nos que non faltan momentos cañeiros achegados mesmo ao metal. A duración total do traballo é de case 25 minutos, rozando a duración dun álbum como tal.

Este novo traballo súmase ao EP homónimo de presentación que publicaron en decembro de 2019, tamén autoproducido, con 3 temas e uns 12 minutos de duración. A súa discografía pódese escoitar integramente no seu Bandcamp.

Olo, Lóstrego!

Presenta novo EP



HÁBITAT



O pasado sábado 12 de marzo, a coruñesa sala Filomatic foi testemuña dunha dupla que une a experiencia e frescura do rock galego actual, a formada por Deleiba e Battosai. Sen dúbida, dúas das bandas máis punteiras do rock de Galicia. Cunha cronoloxía paralela, ambos proxectos inician as súas andainas en directo en 2019 para presentar os seus primeiros temas. Anos máis tarde, Battosai e Deleiba enfróntanse ao reto de medrar, evolucionar e gañar adeptos en salas emblemáticas da xeografía galega como é a Filomatic, onde ofreceron un concerto memorable e atronador.

Deleiba naceu na Ría de Muros e axiña emerxeu cunha xira por salas antes das citas festivaleiras estivais. Tras gañar o concurso de bandas de Cuac FM no 2019, Deleiba volveu á Coruña seguindo unha travesía que tamén pasa por Melide, Compostela ou Xixón. Nela, presentan un directo renovado cos últimos sinxelos da banda, Erguerse (2021) e Alegre Falsedad (2022), ambos producidos por Iago Pico, produtor de Tanxugueiras, que xa temos entrevistado nas nosas páxinas. A banda une punk rock con elementos máis actuais nunha proposta, como eles mesmos afirman, «creada por e para o directo».

Battosai, pola súa banda, atópanse embarcados na presentación do seu primeiro álbum editado por Spinda Records en 2021. Gravado nos míticos estudios Ultramarinos Costa Brava con Santi García, artífice de álbums de Bala ou Cala Vento, aos mandos, este traballo foi aclamado pola crítica especializada de Galiza e todo o Estado, destacando a súa mestura de nostalgia grunge noventa e sons actuais do indie e do rock alternativo. O power trío de raíces compostelás e arousás chegou á Filomatic cargado de enerxía para arrasar por toda a xeografía galega con actuacións no Carballiño, Cangas ou Compostela.



DELEIBA e BATTOSAI unen forzas na sala FILOMATIC



FAMILIA CAAMAGNO

SACA NOVO VIDEOCLIP



O quinteto Familia Caamagno, de Sigüeiro, vén de sacar «Xuntos», unha versión do mítico tema de Juan Pardo acompañada dun videoclip dirixido, como é habitual na banda, polo realizador e cineasta cervense Xaime Miranda. Nel, a banda orosá non só levou ao seu estilo este clásico oitenteiro de verbenas e romarías, se non que o mesturou a nivel visual cunha potente simboloxía e estética soviética.


E para conseguir este obxectivo contaron coa colaboración tanto do equipo de fútbol sala da súa vila Unión Soviética de Sigüeiro como como do catalán Alejandro Cao de Benós, moi coñecido nos medios de comunicación estatais por ser delegado de relacións culturais da República Popular Democrática de Corea, Corea do Norte, e presidente da Asociación de Amizade con Corea.

Juan Pardo, cantante galego de pop nacido en Palma de Mallorca, sacou «Xuntos» en 1987, e a súa canción serviu como banda sonora de campa-

ñas electorais do Partido Popular de Galicia. Porén, Familia Caamagno dalle agora un significado totalmente diferente, non sen retransca.

No videoclip, os membros do grupo aparecen caracterizados con estética militar soviética e se recrean cartaces propagandísticos comunistas, ao tempo que Cao de Benós aparece entrenando ao Unión Soviética Futsal.

Para o equipo de fútbol sala, idóneo polo seu nome para o videoclip, a nova canción é «o himno da nosa amada República Socialista de Sigüeiro», ao que eles aportaron «a formación militar». Familia Caamagno, pola súa banda, nestes tempos especialmente duros para os pobos dos países que no seu día formaron parte da Unión Soviética, proclaman «menos bombas e máis kolghós». O video contou co apoio da Axencia Galega das Industrias Culturais, a AGADIC, dependente da Xunta de Galicia, e fai parte tamén dunha campaña publicitaria da empresa leiteira Deleite.



PRESENTA



Durante todo o mes de Marzo, e ata o 19 de Abril, sorteamos
un **KIT "FAN da SD COMPOSTELA"** e **dez BUFANDAS**.

Solicita o teu boleto ao facer a túa compra en calquera establecemento
asociado a Compostela Monumental, cúbreo, depositao na urna e... boa sorte!

Ademáis, pola túa compra, regalámosche unha hora de
aparcamento gratuito no Parking de Galeras-La Catedral.

Saízo e Jacobo Mouríño

en acústico para acompañar a presentación do novo número da revista Espiral

Saizo, vocalista de bandas de metal como Tesseract e Proudhom, e Jacobo Mouríño, guitarrista e vocalista de Dioivo e Mileth, cambiaron o seu formato habitual para ofrecer dous concertos en solitario en formato acústico para acompañar a presentación do novo número da Revista Espiral en Vigo. Foi no mítico Café de Catro a Catro da cidade olívica. Este terceiro número da revista de pensamento concibiuse na lembranza de Darío Xohán Cabana, poeta, escritor e tradutor, a quen se lle rende homenaxe con artigos de Chus Pato, Xosé Luis Méndez Ferrín, Antón Dobao ou Xabier Cordal, entre outros.

O acto de presentación celebrouse nestas datas de marzo, segundo a organización, pola súa significación, con efemérides clave coma o Día da Muller Traballadora ou o Día da Clase Obreira Galega, no que se rende homenaxe a Amador e Daniel. Estes dous traballadores foron asasinados durante as folgas de 1972 en Ferrol, eventos dos que este ano se celebra o seu 50 aniversario.

O acto contou, ademais dos concertos, coas intervencións dos escritores Oriana Méndez e Alberto Lema, da bailarina, coreógrafa e escritora Branca Novoneyra, e da xornalista Begoña Martínez. Jacobo Mouríño, pola súa banda, presentou ao vivo a súa maqueta Andoriñas, mentres que Saizo interpretou cancións coma o seu sinxelo «Su luz».



Acouga estréase con "novo paradigma"

A nova banda Acouga, de Pazos de Borbén, estreou o seu primeiro sinxelo e videoclip, «Novo paradigma». Este tema foi gravado en Cimática Studio con Mahi Ferradás de Broa, e conta cun vídeo animado realizado por Kike Chouza con ilustracións de Anxo Pérez Peixoto.

Acouga é un cuarteto que se comezou xestar en 2019, e se definen como post-bravú, como o álbum de Machina de 2009 con ese nome. Algúns dos seus membros fan parte tamén de bandas como Sete Cuncas ou Argholletas.

Neste primeiro sinxelo podemos escoitar un rock alternativo potente á vez que melódico, que logo incorpora elementos do hardcore e o metalcore. Todo isto, por suposto, en galego. O vocalista principal da banda, o xornalista Gabri Fuentes, mestura as voces limpas cos berros máis hardcoretas, mentres os riffs de Carlos de Castro e Luís González e os ritmos de David Martínez oscilan tamén entre as partes suaves e as máis potentes, creando uns contrastes que lembran a outros grandes grupos de rock e metal alternativo galegos, como pode ser o caso de Nao ou os xa mencionados Machina e Broa. De feito, membros de Acouga colaboraron con estes últimos en directo durante a xira de presentación do álbum Cucú dos cercedenses. Con temas coma este, non cabe dúbida que os de Pazos de Borbén comezan pisando forte. Estamos atentos aos seus seguintes pasos!





Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímo-lo cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímo-la mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com